

DILIXENCIA.- Por Orde dictada, con data de 15 de outubro de 2007, polo Ilmo. Sr. Secretario Xeral, por delegación do Excmo. Conselleiro do Medio Rural, resólvese ESTIMAR EN PARTE o recurso de alzada interposto por D^a. VISITA GARCÍA GARCÍA, propietario nº 257, contra o Acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo - Rebordelo (Cotobade – Pontevedra) no sentido de:

1. Dilixenciando as Bases Definitivas da concentración parcelaria da zona de Carballedo - Rebordelo (Cotobade – Pontevedra), no sentido de suprimir a parcela nº 421 do polígono 2 de Bases, modificando o Boletín Individual da Propiedade de D^a. VISITA GARCÍA GARCÍA, propietario nº 257, e consecuentemente raia a construción existente no terreo que se corresponde coa leira nº 120, polígono 2, que desaparece como leira;
2. Modificar a configuración da leira nº 648 do polígono 5, propiedade de D^a. VISITA GARCÍA GARCÍA, propietario nº 257, que quedará cunha superficie de 1.600 m2 e un valor de 280.300 puntos e modificar a configuración da súa leira nº 119, polígono 2, que quedará cunha superficie de 435 m2 e un valor de 47.900 puntos;
3. Modificar lixeiramente a configuración da leira nº 118 do polígono 2, propiedade de D^a. CARMEN SARRAPIO SARRAPIO, propietario nº 590, sen que varíe nin a súa superficie nin o seu valor en puntos;
4. Modificar lixeiramente a configuración da leira nº 117 do polígono 2, propiedade de D^a. M^a DEL CARMEN SABORIDO MEIJUEIRO, propietario nº 577, sen que varíe nin a súa superficie nin o seu valor en puntos;
5. Modificar a configuración da leira nº 116 do polígono 2, propiedade de DESCOÑECIDOS, propietario nº 162, que quedará cunha superficie de 1.220 m2 e un valor de 148.300 puntos.

E do cal se deixa constancia aos efectos oportunos.

PONTEVEDRA, a 17 ENE. 2008

O XEFE DE SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS
E ESTRUTURAS AGRARIAS

Asdo.: Marcos Suárez Redondo